

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

3º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Percibir a evolución dos instrumentos como un fenómeno histórico condicionado por factores económicos, sociais e culturais.

OBXECTIVOS DIDÁCTIVOS

- Empregar de forma axeitada o léxico necesario para referirse ós instrumentos e a súa evolución, tanto na música culta occidental como noutras músicas.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completar a súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.
- Coñecer o son e as súas propiedades, valorando este saber como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.
- Coñecer os principios que posibilitan a obtención do son nos instrumentos.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- A organoloxía: definicións e problemática.
- Clasificacións dos instrumentos, occidentais e non occidentais, atendendo ós criterios dos principais tratadistas.
- Tratados de organoloxía.
- Estudio dos instrumentos musicais, a partires dos diferentes enfoques históricos, tanto antropolóxicos (consideracións de tipo mitolóxico sobre a súa orixe, de tipo estético sobre a evolución da súa fisionomía, etc.) como técnicos ou científicos.
- Organoloxía e iconografía. Relación entre ámbalas dúas ciencias. Plantexamento histórico e metodoloxía.
- Orixe e filiacións dos instrumentos musicais.

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Fundamentos de acústica musical. Xeneralidades sobre ondas e propiedades do son.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

Os corpos vibrantes: frecuencia natural de vibración dun corpo. Cordas. Tubos abertos e pechados. Membranófonos e láminas. Fenómenos sonoros. O sistema de Pitágoras e a espiral de quintas. As escalas xustas. Os temperamentos. A afinación dos instrumentos na práctica.

- Acústica arquitectónica. Sistemas de afinación e busca da frecuencia dunha nota. Operacións fundamentais coa frecuencia das notas.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Audición de sons instrumentais, con ou sen apoio visual do instrumento tratado.
- Visualización e/ou escoita de obras de diferentes lugares, ou de correntes histórico estilísticas, interpretadas cos instrumentos correspondentes.
- Audicións comparadas.
- Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos máis representativos e presentes nos tratados de organoloxía pertencentes ó repertorio da música culta oriental, así como dos exemplificados como habituais no repertorio tradicional, europeo ou extraeuropeo.
- Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos máis representativos de cada zona do mundo, ordenados por clases.
- Manexo das táboas organolóxicas de Sachs e Hornbostel.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, para describir as características intrínsecas de cada familia ou instrumento.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (medios de información, bibliografía, Internet, etc.)
- Busca de representacións organolóxicas en obras artísticas (arquitectónicas, escultóricas, pictóricas...), así como de referencias en obras literarias de diferentes épocas.

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICO

- Valoración da precisión no traballo por parte dos *luthiers* para a elaboración dos



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

instrumentos.

- Interese pola audición de músicas pertencentes á estilos diferentes ós presentes na música culta occidental.
- Valoración do instrumental como mostra de cultura dun pobo.
- Interese pola escoita de música de distintos repertorios, máis aló do que supón o repertorio do instrumento principal da súa especialidade e, por extensión, ós pertencentes á música culta occidental.
- Interese por investigar e analizar os motivos da evolución dos instrumentos en función das correntes compositivas e do papel da música na sociedade.
- Interese por ampliar e diversificar os seus gustos musicais, incluíndo mostras da música de outras culturas, tanto de corte como tradicional e popular.

CONTIDOS ACTITUDINAIS COMPLEMENTARIOS

- Valoración do instrumental como obxecto cultural e etnográfico.
- Responsabilidade á hora de coñecer e transmitir o patrimonio musical galego, sexa pertencente ou non á música chamada “cultura”.
- Valoración dos instrumentos musicais como mostra artística de cada época, atendendo non só as características do instrumental senón ó adorno exterior, función social, etc.

METODOLOXÍA

Estratexias metodolóxicas

- Organización do tempo

A materia non se trata de forma illada, senón en relación á evolución do instrumental e das agrupacións, ó tratar, cronoloxicamente, a historia da música, da que se considera un apoio. Por todo, e dada a súa distribución en dous anos, considerarase en primeiro lugar un estudio das taxonomías e do instrumental, sexa propio da música culta occidental ou ben doutras músicas, con vistas a ampliar e diversifica-los seus gustos musicais e a súa apreciación pola música como fenómeno social e cultural.

Cada sesión comezará con actividades de introdución - motivación baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias do tipo “Historia das



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

Escolas” ou similares, lembrando o aprendido no primeiro curso, así como interrelacionándoo cos coñecementos propios das materias de “Historia da Música”, tanto nos cursos precedentes como no terceiro ciclo do Grao Medio.

Ó tratar as actividades de desenvolvemento e, máis concretamente, ó traballar sobre audicións representativas, se fará fincapé na organoloxía, con vistas a ofrecer unha visión suficiente, se ben non excesiva, da evolución do instrumental.

En tódolos casos se terá en conta a necesidade de estender o principio de variedade do instrumental desde a música culta occidental á música culta doutras culturas, así como á música tradicional. Asemade, establecerase como punto de reflexión o principio histórico de interpretación co instrumental axeitado de cada época.

- Organización do espazo

Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais. Cando se realicen traballos en pequeno grupo redistribuiranse as cadeiras pola sala, de maneira que o alumnado dunha mesma formación poida realizar facilmente os traballos que lle sexan encomendados. Neste caso, procurarase que non cadren xuntos no mesmo grupo instrumentistas da mesma especialidade, ou ben de familia similar.

- Principios metodolóxicos
 - ✓ Actividade: o desenvolvemento da materia basearase na aplicación dun método activo, pois para estudar os instrumentos resulta imprescindible escoitalos; por iso, será fundamental participar nas distintas actividades que impliquen o seu recoñecemento e, polo tanto, o desenvolvemento do oído tímbrico, especialmente naquelas persoas non partícipes da materia de “Orquestra”.
 - ✓ A unidade de teoría e práctica: os conceptos teóricos referidos á clasificación e características morfolóxicas e de interpretación de cada instrumento deben estar vinculados constantemente coas distintas actividades propostas, e sempre baseadas na audición e visualización do instrumental, como forma de interioriza-los aprendizaxes.
 - ✓ Socialización: a través do traballo en equipo considerado nalgũa das actividades.
- Método didáctico empregado
 - Aprendizaxe por descubrimento: o alumnado partirá dos datos extraídos de cada audición e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a través de outras materias, o a partires doutras actividades realizadas fóra do centro.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

Interesa especialmente que o alumnado non perda de vista a importancia dos principios compositivos de cada época, coñecidos polos compositores á hora de empregar determinadas agrupacións ou o timbre instrumental. Non se trata aquí de respectar un principio de fidelidade histórica discutible, senón de considerar que o instrumental de determinada época cumpre (en canto ó timbre, empaste, expresividade...) unhas funcións non equiparables ás dos instrumentos actuais, por máis similitudes externas que teñan con eles.

Por tanto, as audicións comparadas deben ser un recurso cotián de traballo.

- **Modelo de aprendizaxe**

O modelo de aprendizaxe a empregar basease na aprendizaxe significativa, desde o punto de vista constructivista da intervención pedagóxica. A partir dos coñecementos previos do alumnado, adquiridos nos cursos anteriores do Grao Superior ou durante o Grao Medio, sen esquecer-la súa experiencia cotiá, desenvólvense contidos de forma estruturada (e coherente), de maneira que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe adquirido aumenta a capacidade de aprender. Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:

- Propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación, non só musical, senón tamén cultural.
- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre o emprego das sonoridades instrumentais polos compositores, correntes estilísticas, ou pobos
- Garanti-la construción de aprendizaxes significativos e en espiral, a través da necesidade de lembra-los coñecementos relativos á organoloxía que adquiriron en “Historia das Escolas” e “Historia da Música”, sen esquecer aqueles tratados nos estudos de réxime xeral, así como a súa formación persoal.
- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción, como motor de aprendizaxe, en relación coas diferentes idades do alumnado, e as diversas especialidades instrumentais, potenciando a súa busca de información noutras fontes.

- **Profesorado**

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos e das discentes, así como a dificultade dos contidos.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

- Fomento do traballo en grupo, establecido sobre criterios docentes, procurando potencia-lo reparto do traballo e a responsabilidade.
- Utilización de estratexias que obriguen a ter presente-os coñecementos que posúen sobre o son, os instrumentos de calquera índole, a orquestra e os seus compoñentes, as formas, as características estilísticas, etc.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Televisor e vídeo.
- Ordenador e proxector (“canón”).
- Lector de DVD
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias de páxinas dos principais tratados de Organoloxía, táboas de clasificación dos instrumentos musicais de Sachs e Hornbostel, etc.
- Fichas de instrumentos, coas súas partes, nomes, evolución histórica, etc.
- Audicións musicais nas que aparezan os diferentes instrumentos das distintas correntes histórico estilísticas tratadas, ou ben da música culta non occidental e da música tradicional de todo o mundo.
- CDs coas audicións tratadas.
- Vídeo, conectado ben ó monitor de televisor da aula, ou ben directamente ó proxector.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Diferenciar as sonoridades e a forma dos principais instrumentos tratados na clase.
- Establecer unha correspondencia instrumento - corrente/s estilística/s.
- Recoñecer a evolución dos instrumentos e as súas agrupacións.
- Definir, empregando un léxico apropiado, as características propias de cada instrumento.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

- Valorar la importancia del *luthier*.

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo.
- Traballos individuais ou en grupo.
- Probas orais e escritas.
 - Serán realizadas dúas ó longo do curso, unha por cuatrimestre.
 - Cada proba constará de:
 - A. Un tema xeral, que responderá ós contidos conceptuais impartidos nas sesións de clase.
 - B. Visualización dunha serie de filminas de instrumentos dos tratados na clase. Deberán comentar as súas particularidades, así como clase, subclase, etc. á que pertencen.
 - C. Visualización dunha serie de filminas de instrumentos, que deberán clasificar segundo as táboas de Sachs e Hornbostel.
 - D. Preguntas específicas sobre o tratado nese cuatrimestre, sexa sobre acústica, sistemática ou iconografía.
 - En caso de non supera-la proba, o alumnado deberá repetila en xuño.
 - Dado que se trata do penúltimo curso dos estudos superiores da maior parte das especialidades, e tendo en conta o carácter de materia común a todas elas (e das poucas nas que priman os contidos conceptuais), se valorará a expresión e a corrección na escritura, en forma dada a coñecer ó alumnado no seu momento, e previamente á realización das probas escritas.
 - Para a recuperación en setembro da materia pendente o alumnado realizará un exame específico de todo o visto en clase. Cando por motivos xustificadas non puidera ter asistido ás sesións habituais de clase, non se esixirán os instrumentos vistos nela, pero tampouco poderá considerarse unha avaliación en igualdade de circunstancias cos examinados en xuño, con vistas a evitar favorecer a non asistencia a clase, xa que resultaría antipedagógico.

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

4º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer e valorar a importancia dos obxectos musicais como transmisores da Arte e Ciencia da Música a través da Historia
- Recoñecer as principais familias de instrumentos a través da Historia apreciando a súa evolución e o seu reflexo na música de cada época.
- Percibi-la evolución dos instrumentos como un fenómeno histórico condicionado por factores económicos, sociais e culturais.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñece-los diferentes instrumentos e a súa evolución ó longo dos diferentes períodos da Historia relacionandoos coa música e o estilo de cada época
- Analizar as diferencias sonoras entre os instrumentos actuais e os seus antecesores tanto a nivel visual como auditivo con respecto á música occidental situandoos nun contexto xeral dentro da música nas diferentes culturas.
- Coñece-las diferentes formacións instrumentais ó longo da historia. en Occidente.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios ó seu alcance para ampliar e completa-la súa formación, relacionando os seus coñecementos musicais con datos de outra índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...), adquiridos noutras materias ou ben a través da súa experiencia cotiá.
- Coñecer-los principios elementais de acústica ós que se fará referencia na aula.
- Coñece-los principios que posibilitan a obtención do son nos instrumentos
- Coñecé-los principios básicos de construción de instrumentos.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

- A organoloxía a traves da Historia.
- Principais tratados organolóxicos da Historia en Occidente.
- Estudio práctico dos instrumentos en Occidente a nivel sonoro e tamén visual
- Relacións entre organoloxía e iconografía ó longo da Historia.
- A evolución da música instrumental e a súa técnica.
- A idiomática de cada instrumento na evolución da música instrumental.
- Relacións e evolución constructiva dos instrumentos coas escolas pedagóxicas e o estilo nas diferentes épocas.
- Implicacións organolóxicas na recuperación estilística de diferentes músicas doutras época

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

- Os temperamentos. A afinación dos instrumentos na práctica.
- Os cordófonos na música culta occidental. Tipos. Evolución. Presencia nas principais correntes histórico estilísticas. Repertorio
- Os aerófonos na música culta occidental. Tipos. Evolución. Presencia nas principais correntes histórico estilísticas. Repertorio
- Idiófonos y mebranófonos na música culta occidental. Tipos. Evolución. Repertorio
- Evolución dos instrumentos de tecla.
- Novos Instrumentos do século XX. Instrumentos electrónicos.
- Evolución das diferentes formacións de cámara e orquestras ó longo da Historia en Occidente e relación co estilo.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Visualización e/ou escoita de obras de diferentes períodos da historia, ou de correntes histórico estilísticas, interpretadas cos instrumentos correspondentes á súa cronoloxía.
- Audición de sons instrumentais, con ou sen apoio visual do instrumento tratado.
- Audición de obras con diferentes formacións e diferentes proporcións dentro de formacións.
- Audicións comparadas dos elementos anteriores.
- Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos máis representativos e presentes nos tratados de organoloxía.
- Análise da evolución técnica dun instrumento a través dun traballo
- Busca de datos relativos ós contidos, empregando diferentes recursos (gravacións de audio e video, medios de información, bibliografía, Internet, etc.)
- Recoñecemento visual e auditivo dos instrumentos máis representativos de cada período histórico, ordenados por clases.
- Relación entre os principais xéneros instrumentais e as diferentes formacións.
- Emprego dunha linguaxe axeitada, tanto oral como escrita, para describi-las características intrínsecas de cada familia ,instrumento ou formación. Busca de representacións de diferentes formacións instrumentais en obras artísticas (principalmente obras pictóricas e literarias de diferentes épocas).

CONTIDOS ACTITUDINAIS

- Interese pola audición de músicas pertencentes á estilos diferentes ós presentes na música culta occidental.
- Valoración da evolución da música instrumental occidental a través dos instrumentos e as diferentes formacións.
- Valoración da evolución técnica dos instrumentos tanto na súa construción coma na súa técnica interpretativa como motor da propia evolución musical.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

- Interese polos métodos de construción de instrumentos e a súa importancia para solucionar posibles problemas.
- Valorar a información orixinal á hora da interpretación dunha partitura.
- Interese pola escoita de música de distintas épocas e repertorios, máis aló do que supón o repertorio do instrumento principal da súa especialidade.
- Interese por investigar e analiza-los motivos da evolución dos instrumentos en función das correntes compositivas e do papel da música na sociedade.

METODOLOXÍA

Estratexias metodolóxicas

A materia non se trata de forma illada, senón en relación á evolución do instrumental e das agrupacións, ó tratar, cronoloxicamente, a historia da música, da que se considera un apoio. Por todo, e dada a súa distribución en dous anos, considerarase en primeiro lugar un estudio das taxonomías e do instrumental, sexa propio da música culta occidental ou ben doutras músicas, con vistas a ampliar e diversifica-los seus gustos musicais e a súa apreciación pola música como fenómeno social e cultural. No segundo curso a materia estará máis orientada ó coñecemento da evolución do instrumentarium occidental a través das diferentes épocas analizando características técnicas dos obxectos musicais ,agrupacións de cámara e orquestais, instrumentos máis utilizados en cada período ,evolución da técnica de cada instrumento e a súa relación coa propia evolución da música instrumental incluíndo os instrumentos do último século.

Cada sesión comezará con actividades de introducción baseadas no repaso do anteriormente explicado, e tendo en conta sempre os coñecementos previos, especialmente aqueles adquiridos nas materias do tipo “Historia das Escolas” ou similares, lembrando o aprendido no primeiro curso, así como interrelacionándoo cos coñecementos propios das materias de “Historia da Música”, tanto nos cursos precedentes como no terceiro ciclo do Grao Medio. Ó trata-las actividades de desenvolvemento e, máis concretamente, ó traballar sobre audicións representativas, se fará fincapé na organoloxía, con vistas a ofrecer unha visión suficiente da evolución do instrumental.

En tódolos casos se terá en conta a necesidade de contextualizar a variedade do instrumental da música culta occidental dentro do panorama instrumental xeral. Asemade, establecerase como punto de reflexión o principio histórico de interpretación co instrumental axeitado de cada época.

Non é necesario establecer unha organización específica da aula nas sesións habituais.



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

- Principios metodolóxicos
- 1. Actividade: o desenvolvemento da materia basearase na aplicación dun método activo, pois para estudar os instrumentos resulta imprescindible escoitalos; por eso, será fundamental participar nas distintas actividades que impliquen o seu recoñecemento e, polo tanto, o desenvolvemento do oído tímbrico, especialmente naquelas persoas non partícipes da materia de “Orquestra”. A parte visual consistirá nunha exposición de imaxes mediante a proxección de fotografías e debuxos .
- 2. A unidade de teoría e práctica: os conceptos teóricos referidos á clasificación e características morfolóxicas e de interpretación de cada instrumento deben estar vinculados constantemente coas distintas actividades propostas, e sempre baseadas na audición e visualización do instrumental, como forma de interiorizalos aprendizaxes.
- 3. Relación do aprendido con aspectos de estudio nas obras estudadas co instrumento correspondente para o cal necesitamos a participación de cada especialista nun instrumento ou familia que pode explicar ós compañeiros características específicas do seu instrumento ou os seus antecesores.
- 4. Socialización: a través do debate ou a explicación dun traballo ou das características dun instrumento determinado.

- Método didáctico empregado

O alumnado partirá dos datos extraídos de cada audición e exercicio realizado, relacionando o aprendido co que xa coñece a través de outras materias, o a partir de outras actividades realizadas fóra do centro.

Interesa especialmente que o alumnado non perda de vista a importancia dos principios compositivos de cada época, tenidos en conta polos compositores á hora de empregar determinadas agrupacións ou o timbre instrumental. Non se trata aquí de respectar un principio de fidelidade histórica discutible, senón de considerar que o instrumental de determinada época cumpre (en canto ó timbre, empaste, expresividade...) unhas funcións non equiparables ás dos instrumentos actuais, por máis similitudes externas que teñan con eles. Por tanto, as audicións comparadas deben ser un recurso cotián de traballo.

Sobre a base deste principio, terase presente que se debe:



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

- Propiciar situacións que sexan atractivas para o alumnado, ou que potencien a motivación que sente, de forma natural, ante a súa formación, non só musical, senón tamén cultural.
- Crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos aprendidos e os propios doutras materias, con vistas a extrae-las súas propias conclusións sobre o emprego das sonoridades instrumentais polos compositores, correntes estilísticas, etc.
- Garanti-la construción de aprendizaxes asociados a través da necesidade de lembra-los coñecementos relativos á organoloxía que adquiriron en “Historia das Escolas” e “Historia da Música”, sen esquecer aqueles tratados nos estudos de réxime xeral, así como a súa formación persoal.
- Promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción en relación coas diferentes idades do alumnado e as diversas especialidades instrumentais, potenciando a súa busca de información noutras fontes.

- Profesorado

- Actitude positiva e claridade de exposición, tendo sempre presente o nivel dos alumnos, así como a dificultade dos contidos.
- Adaptación dos contidos ós niveis colectivos e individuais que se detecten na aula.
- Colaboración persoal. nos traballos individuais
- Utilización de estratexias que obriguen a ter presente-los coñecementos que posúen sobre o son, os instrumentos de calquera índole, a orquestra e os seus compoñentes, as formas, as características estilísticas, etc.

6. RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Televisor e vídeo.
- Ordenador e proxector (“canón”).
- Leitor de DVD
- Apuntes preparados polo profesorado. Incluirán as filminas empregadas nas presentacións dos temas na clase, parte das explicacións teóricas, e mailas fotocopias de páxinas dos principais tratados de Organoloxía.
- Manuais de instrumentos e fac-similies de tratados de organoloxía
- Fichas de instrumentos, coas súas partes, nomes, evolución histórica, etc.
- Audicións musicais nas que aparezan os diferentes instrumentos das distintas correntes histórico estilísticas tratadas, ou ben da música culta non occidental



DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

e da música tradicional de todo o mundo.

- CDs coas audicións tratadas. Se lles proporcionará ós alumnos un CD coas audicións das diversas épocas en soporte comprimido .
- Vídeo, conectado ben ó monitor de televisor da aula, ou ben directamente ó proxector.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Diferencia-las sonoridades e a forma dos principais instrumentos tratados na clase así como criterios básicos de construción.
- Establecer unha correspondencia instrumento - corrente/s estilística/s.
- Recoñecer e investiga-la evolución dos instrumentos e as súas agrupacións na evolución da música instrumental.
- Definir, empregando un léxico apropiado, as características propias de cada instrumento.
- Realizar un traballo específico sobre á materia con unha mínima profundidade.
- Coñecer a evolución das diferentes escolas instrumentais

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas escritas. Unha proba a finais do primeiro curso e outra ó final do segundo. Non haberá recuperacións parciais durante o curso. Os alumnos que non superen as probas parciais terán a opción de presentarse en xuño a un examen final dividido en dúas partes , unha por cada curso e presentarse a unha delas ou á totalidade dependendo da súa calificación que se obterá sumando as dúas probas e dividindo entre dous aplicando a porcentaxe sinalada máis abaixo . Se poderá facer media sempre que haxa un mínimo dun 4,5 na proba suspensa.
Nestas probas faranse dúas preguntas longas sobre familias instrumentais ou formacións típicas dun período , incluírá a visualización e escoita de diferentes formacións e audicións comparadas de obras gravadas con un determinado instrumento ou formación que debe ser identificado . Esta parte aportará o 70 % da nota.
- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común, así como dos datos aportados por cada grupo de traballo ou individuo. A contribución á nota xeral será dun 15% .
- Traballos individuais . Un deles será de carácter obligatorio con tema asignado polo profesor e de polo menos 12 páxinas sen contar imaxes en letra Times ou similar de tamaño de letra 12 e marxes non superiores a 2cms –salvo á esquerda que pode ser de 3 cms-. Este traballo suporá o 10% da nota do curso.
Existe a opción de realizar un traballo máis amplo tutorizado por Internet sobre algún aspecto da materia con un tema a elixir polo alumno e que terá unha

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA

TODAS AS ESPECIALIDADES

MATERIA: ORGANOLOXÍA

extensión mínima de 25 páxinas coas mesmas características indicadas arriba. Este traballo suporá o 20% da nota total do curso polo que é imprescindible a súa realización para acadar as culaificacións de sobresaínte ou matrícula de honra. Calqueira dos dous tipos de traballo deben ser entregados como máis tarde o 30 de abril.

- Os alumnos que, feita a media académica entre estes tres apartados non superen o 5 terán que presentarse en setembro con toda a materia o que non eximirá da entrega dos traballos solicitados dos que se falou arriba.

Bibliografía utilizada

- **Sachs , Curt:** *The History of Musical Instruments* .Ed WW Norton & Company New York 1940
- **Andrés,Ramón:** *Diccionario de instrumentos musicales*.Ed Península .Barcelona 2003.
- **Sadie ,Stanley (Ed.):***New Grove Dictionary of Musical Instruments* .Mac Millan Publishers, 1980
- **Jeremy Montagu:** *The World of Medieval & Renaissance Musical Instruments*.Ed Overlook Press. New York 1976
- **Jeremy Montagu:** *The World of Baroque & Classical Musical Instruments*.Ed Overlook Press. New York 1976
- **Jeremy Montagu:** *The World of & Modern Musical Instruments*.Ed Overlook Press. New York 1976
- **Ulrich, M.:** *Atlas de Música*. Ed. Alianza.Madrid 1994
- **Maersch, K.:** *Atlas de los instrumentos musicales*. Ed. Alianza. Madrid 1995
- **Tranchefort, F.:** *Los instrumentos musicales en el mundo*. Ed. Alianza. Madrid 2002
- **Henrique, Luis L.:***Acústica musical*. Ed. Fundação Gulbenkian .Lisboa 2002
- **Rernnant ,Marie :** *Historia de los instrumentos musicales*.Ed. Ma non troppo Madrid 2001
- **Donnington Robert:** *La música y sus instrumentos* .Alianza Ed.Madrid 1994
- **Diderot&Dálembert:***L'Encyclopedie*(Planchas instrumentos musicales)Inter-Livres Paris, 1994
- **Praetorius,M:** *Syntagma Musicum*. Clarendon Press, Oxford 1986
- **Munrow, David:** *Instruments of the Middle Ages And Renaissance*.Oxford University Press , London 1976